



CIRCULAR

Complejo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

CIRCULAR 72 – 2018.

CONVOCATORIA DA XUNTA DIRECTIVA E COMISIÓN DELEGADA

En base á aplicación do Regulamento Electoral aprobado, inicialmente, pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 19 de maio do 2018; rectificadas con posterioridade as indicacións feitas por parte da Xunta de Galicia; recibida a aprobación definitiva do regulamento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte e resolta a reclamación plantexada por un membro da Asemblea, na que se respalda a legalidade de todos os acordos adoptados, esta Federación xa está en disposición de convocar á Xunta Directiva e á Comisión Delegada, con carácter urxente.

O Regulamento Electoral, como novidade, indica, no artigo 4 que “ *a composición da comisión xestora da Federación Galega de Atletismo, que estará formada por 8 membros máis unha presidencia, será a seguinte: Catro membros elixidos pola comisión delegada, debendo ter representación os estamentos de: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e adestradores e adestradoras. Outros catro membros designados pola xunta directiva antes da súa disolución ou, no seu caso, pola persoa titular da presidencia da federación, entre os que se deberán incluír as persoas que exerzan as funcións de secretaría e tesourería da federación*”.

Por todo elo, como Secretario Xeral da FGA e por orde do Presidente da FGA, infórmolle da **convocatoria urxente da Xunta Directiva e da Comisión Delegada.**

Día: 9 de xullo de 2018

Lugar: Sede da FGA en A Coruña

Hora: 18:00 horas Xunta Directiva e 18:30 horas Comisión Delegada

Orde do día:

- Aprobación, se procede, da Acta da Xuntanza anterior
- Elección dos membros que integrarán a Comisión Xestora da FGA 2018, conforme ao artigo 4 do Regulamento Electoral.

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da FGA



VºBº Isidoro Hornillos Baz
Presidente da FGA

